



Escrita e dirixida por: Ruben Pérez Pombo.

INDICE

PRIMER ACTO

1. PRESENTACIÓN.....	4
2. AMOR.	7
3. PRESENTE.....	9
4. PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA	11
5. ENTREVISTA.....	13

SEGUNDO ACTO

6. MITIN ESTATUTO DE AUTONOMIA	19
7. XORNAIS.	21
8. DISCOTECA	23
9. MONOLOGO FRANCO I.....	24
10 ADOLESCENTES.	26

TERCER ACTO

11. DESPEDIDA I.....	30
12. DESPEDIDA II.....	32
13. DEFENSA DE LUGO.....	34
14. MONÓLOGO VICKY	37
15. ANUNCIO: “CAFÉ PATRIÓTICO LA TRINCHERA”	38
16. O VELLO CÁRCERE.....	40
17. BARRICADAS.....	43
18. MONÓLOGO FRANCO II	46
19. VERMELLAS.....	47
20. MONÓLOGO CHUS.....	50

PRIMER ACTO

1. PRESENTACIÓN

(Entra en escena María e presenta o grupo. Por detrás vai entrando o elenco.)

MARÍA: Bo día a todas e a todos. Somos o grupo Rebuldeira Teatro de Sarria e sempre nos gusta contar que somos un grupo de teatro afeccionado. *(Aquí María pode contar algo máis, tal e como fai habitualmente no inicio de cada función).* Nesta peza imos falar do pasado, duns tempos ben duros, situaremos a escena no noso pobo, pero podería ser calquera punto de Galiza, de España, de Europa.

ROCIO: Xa nos quedou claro, alixeira, muller.

MARÍA: De calquera lugar e de calquera tempo histórico.

VICKY: Ucraína, Palestina, Chad, Sudán Zimbabwe...

MARÍA: Nós decidimos facer teatro por moitos motivos, principalmente por vós.

MILA M: E por nós, que nos aforra moito en psicólogos.

CHUS: E porque saímos ben fermosas.

DAVID: Para reivindicar que dende o rural podemos facer o que nos pete.

VIRUCA: Esta obra represéntase en Sarria, pero podería estar en Londres.

MILA P: Ou Nova York! Ou onde ti queiras. Onde queres? En definitiva, todas e todos...

GRUPO: Estamos aquí porque nos peta.

MARÍA: E se vos facemos pensar un pouco, sentirémonos ben orgullosas. Porque o pobo garda memoria, e a verdadeira historia non é a que esta nos libros senon a que o pobo conta. Porque a historia ten que ser contada polo pobo e para o pobo. Sen pobo non hai historia.

DAVID: Un pobo que esquece a súa historia está condenado a repetila.

ROCIO: Pola importancia de manter a memoria dos que xa non estan.

VICKY: A guerra da pobreza do pobre e o enriquecemento do rico
= O PODER QUE CORROMPE

MILA P: O que escoitaches ti, ou ti, ou eu, sobre a Guerra Civil, ó mellor non ten nada que ver, porque todo depende do prisma ideolóxico de quen cho conta, pero todos os acontecementos teñen algo en común: o sufrimento das xentes que viviron esas contendas, foran do bando que foran.

VIRUCA: A importancia do saber, da memoria, do acontecido no pasado e a diferenza entre opresores e oprimidos, que xamais se escoite de novo "cuando oigo hablar de cultura, echo mano a mí pistola"

CHUS: Recordar a loita do pobo defendendo con guerras e morrendo por ideais políticos seus ou impostos por.....

MILA M: Todo eso pasou e así volo contamos. (*Silencio*). Capitulo 1. Amor.

Comeza a soar pasodoble con clarinete.

María e Rocío baixan do escenario e bailan no patio de butacas.

Viruca e Chus quedan sentadas no escenario vendo a situación.

Todos marchan para o backstage.

2. AMOR.

(Un atardecer. É o serán. ROCÍO e MARÍA bailan pasodobre)

ROCÍO: O día está rematando. Gústame este intre, cando o ceo se tingue de cores raras.

MARÍA: A min tamén. Parece que o mundo se para un pouco antes de que todo volva empezar.

ROCÍO: Gustaríame que non acabara nunca.

MARÍA: O serán ou isto?

ROCÍO: Isto. Nós.

MARÍA: Ti es un pouco dramática, non si?

ROCÍO: Quizais. Pero é certo.

MARÍA: Non fai falta que acabe. Podemos quedar aquí ata que as luces da rúa se acendan.

ROCÍO: E despois?

MARÍA: Despois camiñamos sen présa. Ou quedamos ata que só quedemos nós as dúas no mundo.

ROCÍO: Sempre falas así ou só cando queres namorarme máis?

MARÍA: Só cando xa non me importa se te namoro, porque xa sei a resposta.

ROCÍO: E cal é?

MARÍA: Que xa o estás.

ROCÍO: Xa o estaba antes de que mo preguntaras. Pero non podemos: Non podemos. STOP

MARÍA: Como?

ROCÍO: Non podo, e ti tampouco. (*Frena ca man e quedan coma estatuas durante a seguinte escena*)

3. PRESENTE

CHUS: Non sabedes o que me doen estas lembranzas. Ela...Ela sempre será ela. Desfrutade a vida mentres poidades porque nunca sabemos o que está a piques de acontecer. Todo pode cambiar nun segundo.

VIRUCA: historia**

(Entra MILA MÉDICO dende atrás.)

MILA M.: Todo é política.

CHUS: As peores guerras son as que acontecen entre as persoas, nunca o esquezas.

MILA M.: Eu só quero falar do amor.

CHUS: E por iso queres desenterrar esta historia.

MILA M.: Eu son unha simple dramaturga, dramaturga doutora de aquí, bueno de aquí non, do Cebreiro, do meu pobo. Aquí enriba fago o que me peta e vós facédesme caso.

CHUS: Isto pode facer dano a moita xente.

MILA M.: Quero lembrala.

CHUS: Eu xa o fago todos os días.

MILA M.: Que deixe de estar nunha cuneta.

CHUS: Que deixe de estar nunha cuneta. Gústame a túa frase. E esta que estou dicindo tamén a escribiches ti. E esta.

MILA M: E esta. Mirade chicos, vide para aquí! (Saen todos de atrás e comezan a dicirle ó público “O Rei marchou”). Mira! Mira para aí. Van representar agora mesmo o día das ilusións.

CHUS: Que día?

MILA M: O 14 de abril, cando se proclamou a República. Un día verdadeiramente único e irrepetible.

CHUS: Aí comezou todo, pero non idealices. Como ti dixeches, todo é política. E a política sempre cheira.

Marchan Mila M , Chus e Viruca.

Todos comezan a aplaudir e a animar ó público para que aplaudan

Entran David e Viruca collidos da man. Himno da República.

Saen coa bandeira galega e a republicana.

4. PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA

(Praza Maior de Sarria, 14 de abril de 1931. A praza está ateigada de xente. Homes, mulleres e nenos enchen as rúas con bandeiras tricolores, cánticos e vivas á República)

VIRUCA: *(Con voz firme)* Irmáns e irmás, hoxe é un día que ficará para sempre nos nosos corazóns! O rei marchou! España é unha República, e nós, en Galiza, celebramos a chegada da liberdade!

(A multitude estoura en aplausos e berros de alegría. Entre elas, MARÍA, ROCÍO)

MARÍA: non podo crer que este día chegase! Por fin a escola será para todos, sen que os nenos teñan que dobrarse ante os caciques!

ROCIO: E nós, as mulleres, tamén teremos voz! Xa non seremos só sombras detrás dos homes. A República é tamén nosa!
(Bícanse)

(Dende o outro lado da praza, o médico dos pobres.)

O MÉDICO DOS POBRES: Compañeiros! Non nos conformemos só con festexar! A República é a esperanza, pero tamén unha loita! Temos que garantir que os nosos dereitos sexan respectados! Que os caciques non volvan esmagarnos!

(A xente responde con vivas. O son dunha gaita inunda a praza mentres algúns comezan a bailar. MARÍA e ROCÍO únense á danza, rindo. Uns nenos corren entre a xente, xogando coa bandeira republicana, levantamos público, sacamos bandeiras, todo debe ser unha festa).

VIRUCA: *(Con enerxía)* Agora que non hai rei, debemos asegurar que os nosos dereitos sexan recoñecidos. A República non é só un cambio de goberno, é unha nova forma de vivir!

O MÉDICO DOS POBRES: Pero aínda hai quen non a acepta. Non podemos esquecer que os inimigos da liberdade seguen aquí.

Soa Himno de Riego

5. ENTREVISTA

Vicky fai o papel de xornalista. Mila segue co seu de dramaturga. Situadas diante do escenario.

XORNALISTA: Podemos comezar?

DRAMATURGA: Cando queiras.

XORNALISTA: Estamos aquí para falar da túa nova obra, que revive feitos da Guerra Civil en Galicia, en concreto en Sarria. Moita xente preguntará: por que volver a ese tempo escuro? Por que agora?

DRAMATURGA: Porque nunca deixamos de estar alí, hostia. Porque moitas das feridas desa guerra non cicatrizaron, só se cubriron de silencio. E porque vivimos nun país que mirou cara outro lado durante demasiado tempo. No ano 69 houbo unha lei para ocultar os delitos cometidos antes do fin da Guerra. Xa na democracia tivo lugar a lei de amnistía. Unha auténtica vergoña.

XORNALISTA: É unha obra sobre mortos?

DRAMATURGA: Non. É unha obra sobre vivos que foron condenados a calar. Sobre mulleres que amaron e perderon sen que ninguén recoñecese a súa dor. E sobre nós, que herdamos esa sombra sen querer, pero coa obriga de mirar cara a ela. Sabes que?

Eu sigo sendo da casa da roja. Non da vermella, ollo, da roja. Para isto non existe a normativa do galego.

XORNALISTA: Entón é política.

DRAMATURGA: Que ti poidas ir o baño, que unha estrada estea asfaltada, todo é política. Todo o teatro é político. Incluso o que finxe non selo. Pero isto... isto é tamén íntimo. Persoal.

XORNALISTA: Viviches a guerra de preto?

DRAMATURGA: Non. Pero herdei o silencio. Medrei escoitando frases interrompidas. Nomes que se dicían en voz baixa. Fotos que desaparecían das paredes. Bandeiras e palabras prohibidas. E preguntas que quedaban sen resposta.

XORNALISTA: E que intentas facer agora? Dar resposta?

DRAMATURGA: Non. Quero poñer de novo as preguntas sobre a mesa. Que as espectadoras sintan incómodo o corazón. Quero que alguén diga: “esa puido ser a miña avoa.” Ou “o meu tío morreu así, coma un can, sen nome.” “Nós gañamos a Guerra, pero perdemos o futuro”

XORNALISTA: Pensas que o teatro pode facer xustiza?

DRAMATURGA: Non. Pero pode facer memoria. E a memoria é unha forma de xustiza cando a historia foi esquecemento. Non quero monumentos. Quero nomes. Voz. Presenza. Humanidade. E verdade. Sabes que a maior parte das empresas do Ibex 35 estaban

no bando gañador? A extrema dereita deste país segue reclamando esta puta animalada e aquí non pasa nada. Aquí non pasa nada e en parte a culpa é vosa, que sodes unhas auténticas vendidas de merda.

XORNALISTA: Mila, Mila, hostia, para xa. Viñecheste moi arriba, nonsi? Podes parar de insultar? Eu son xornalista, si, pero aquí son unha actriz e non teño por que aguantar este show. A dramaturga non es ti. A dramaturga é ChatGPT. Di a verdade.

DRAMATURGA: Que? Isto é de verdade! As palabras son de verdade. Son sangue que brota das miñas veas. Mira como corre, mira! Ademais ChatGPT non sabe dicir Sarriana nun texto teatral para un grupo de... Cantos somos?

XORNALISTA: Depende do día.

DRAMATURGA: Pois iso.

XORNALISTA: Como podes vir aquí con este tremendo discurso moralista. Menuda chapa. Aquí, nesta sociedade moderna que temos o único que interesa é o ascenso da Sarriana.

*(Sae toda a compañía a celebralo cantando “Sarriana oe”.
Marchan. Dez segundos como máximo)*

Isto é teatro serio. Voltemos á entrevista. Falas dun amor entre dúas mulleres?

DRAMATURGA: Si. Porque tamén iso foi silenciado. Non só mataron corpos. Tamén calaron afectos, obrigaron a vivir na sombra, fixeron do desexo unha culpa. A memoria da guerra non é só política. A memoria da guerra é emocional.

XORNALISTA: A túa obra vai facer dano a alguén?

DRAMATURGA: Non busco iso. Pero se doe, é porque había unha ferida, ollo. Non se pode falar da guerra e esperar que todo sexa cómodo. E non se pode falar de Galicia sen falar da memoria que a sostén, a que está nos muros, nos apelidos, nas fotos rachadas.

XORNALISTA: Ves esperanza no teatro?

DRAMATURGA: Vexo verdade. E a verdade ás veces non salva, pero limpa. O teatro non é un espello. É unha ferida aberta. Un berro contido. Non se vén para saír tranquilo, senón para lembrar que seguimos vivos porque outros non puideron.

XORNALISTA: Pode ser que a túa obra sexa tremendamente contemporánea? Pode ser que a guerra sexa unha excusa? Pode ser que nos esteas enganando a todos para falar do que che pete?

DRAMATURGA: Máis ben esta obra é un tratado renacentista sobre os corpos humanos. Bioloxía pura. Sangue. Vermello.

XORNALISTA: E ti, por que segues escribindo sobre isto?

DRAMATURGA: Porque sinto que me falan desde o chan. Porque ás veces soño voces que non coñezo e esperto coa sensación de deber. Porque hai nomes que non foron ditos en escena. Sarria non é habitual que saia no teatro. Igual que Lugo, Estraxiz, O Cebreiro. Somos as voces baixas. Estamos no cu de Europa, sabes? E o cu sempre cheira. Pero ollo, o teatro é o lugar onde a verdade, por fin, pode respirar. Aínda que haxa peidos.

(Silencio. A xornalista pecha o caderno. Mira á dramaturga cun novo respecto.)

XORNALISTA: Nunca pensei falar de peidos nunha entrevista.

DRAMATURGA: Adoro os peidos, resúltanme profundamente enternecedores e cariñosos.

XORNALISTA: Iso é todo. Creo que xa teño a entrevista. Pero tamén algo máis.

DRAMATURGA: Que?

XORNALISTA: Unha razón para mirar cara atrás sen medo.

SEGUNDO ACTO

6. MITIN ESTATUTO DE AUTONOMIA

(A actriz está enriba dunha cadeira, o resto do grupo polo medio do público. Sona a Internacional.)

VIRUCA: Estamos no ano 1936 no Mitin a favor do Estatuto de Autonomía. Cantón Grande de Lugo ou máis ben a actual Praza Maior.

MILA P: Praza de España.

VIRUCA: Quen carallo fala.

MILA P: Descubrirédolo dentro duns poucos meses.

VIRUCA: Ba, estamos no ano 1936. Lugo. E o pobo quere a súa terra, precisamos unha maior independencia para Galiza. A terra é do pobo e non só duns grandes señoritos. Queremos máis terra. Temos fame.

(Todos corean as palabras subraiadas 2 veces cada una.)

Queremos mais liberdade, mais dereitos, queremos traballar e vivir na nosa terra, temos recursos suficientes para facelo, non queremos coller as maletas e marchar a outro país.

Non queremos ser torturados, multados ou castigados por falar na nosa lingua, porque é nosa e debemos protexela xa di Castelao que “se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma”

7. XORNAIS.

VIRUCA: Graves sucesos en España! Movements militares en diversas cidades

MILA M: LUGO – Novas procedentes de diversas rexións do país informa de significativos movementos de tropas e axitacións políticas que están a ter lugar desde as primeiras horas do día de hoxe. En varias cidades, rexístranse despregues militares e rumores sobre un posible levantamento contra o Goberno da República.

VICKY: O Goberno de Madrid, presidido por Santiago Casares Quiroga, fai un chamamento á calma e asegura que a orde constitucional será mantida. Mentres tanto, informes de última hora falan de sublevacións en África e en certas guarnicións da Península.

ROCIO: As autoridades en Lugo permanecen vixiantes, e ata o momento non se rexistraron alteracións da orde pública na cidade nin na provincia. Porén, a situación permanece incerta, e a cidadanía segue con atención as novas que chegan por telegrafía.

CHUS: Declaracións oficiais. Desde Madrid, fontes gobernamentais aseguran que a República conta co respaldo das forzas leais e que as tentativas de subversión serán neutralizadas. Pola súa banda, organizacións políticas e sindicais fan un chamamento á poboación para defender as liberdades democráticas.

VIRUCA: A VIDA NA CIDADE. A pesar da inquedanza polo que acontece noutras partes de España, a actividade en Lugo transcorre con aparente normalidade. As rúas presentan a afluencia habitual de traballadores e comerciantes, e os mercados manteñen a súa actividade sen incidentes destacables.

Os trens chegan e parten sen interrupcións, aínda que se rexistran rumores sobre posibles restricións na circulación ferroviaria noutros puntos do país.

DAVID: DEPORTES E CULTURA. Fútbol. O Club Deportivo Lugo prepara os seus adestramentos para a próxima tempada, con especial atención ao reforzo do seu cadro de xogadores.

MARIA: Teatro. O (*teatro onde actuamos*) anuncia para esta noite unha función especial con grande expectación entre o público galego. A estrea do grupo Rebuldeira Teatro da obra (*Silencio. Son dunha bomba.*) Comeza a Guerra Civil.

MILA MÉDICO: Capítulo dous: ODIO.

8. DISCOTECA

(Son dunha bomba. Coreografía. melaza.) Bassjacks - Derp

Todos bailando no escenario tipo tecno e durante un minuto van caendo e erguéndose.

MILA PROFE: Un feixe de anos cunha chea de bombas!

(O elenco, que ata este momento estaba tirado no chan, érguese inmediatamente e canta a canción de King África adaptada. Bomba. Cando di o africano sinalamos a Franco, que baila dun xeito tolo, ata que sae do escenario para prepararse para o monólogo.)

BOMBA!

*Movemento sensual,
movemento moi sexy.
Movemento sensual,
movemento moi sexy.*

E agora comeza a festa!

Chega o africano co baile que é unha bomba.

*Para bailar, isto é unha bomba.
Para gozar, isto é unha bomba. Para
menear, isto é unha bomba.*

E as mulleres báilano así, así, así, así...

*Coas mans na cabeza,
coas mans na cintura, un
movemento sexy...*

Vanse e queda Mila Profe soa no escenario. Monólogo Franco.

9. MONOLOGO FRANCO I

Españoles!!!! (*Saíndo da cortina lateral, a ras do público*) Ante la difícil situación que está sufriendo España, con un gobierno republicano corrupto lleno de progresistas, anarquistas, masones, socialistas, nacionalistas y comunistas... con toda esta “chusma” no me queda otra solución que un levantamiento en armas.

Os prometo que vuestro “Caudillo” no os defraudará y salvará la “Patria”...por mis cojo....(*berrando e mirando cara o ceo*), perdón, por “mi testículo” (*rectifica tímidamente, mirando cara baixo e co índice levantado*) que devolveré la gloria a esta GRAN NACIÓN!!!! (*histeria*).

(*Subir ó escenario. Con voz normal, dirixíndose ó público en galego con voz sexi?*) O 17 de xullo do 36, un grupo de militares rebeldes, Mola, Queipo de Llano e Franco, entre outros, executan un golpe de Estado contra o goberno da 2ª República, elexido democráticamente en febrero dese mesmo ano (según as malas línguas elección fraudulenta). A “Dereita” oponse a que o “Frente Popular” dos partidos de esquerdas tomen as rendas do país // Qué aburrimiento! Menudo rollo me meteu aquí a dramaturga!.... A quién le importa lo que yo haga? a quién le importa lo que yo diga? Yo soy así y así seguiré, nunca cambiaréeeee! //.

O golpe de estado, como tal, fracasa o que xenera un

enfrentamento militar que durará ata 1939, o que coñecemos como “Guerra Civil Española”, e que deixou profundas cicatrices na historia e na sociedade española // . Será cabrona! Ésta vasma pagar dramaturga de merda! A quién le importa lo que yo haga? a quién le importa lo que yo diga? Yo soy así y así seguiré, nunca cambiaréeeee! //

(Sexi?) O alzameno (golpe) iníciase coas tropas españolas destinadas en África, orixinado polas graves tensións sociopolíticas daquel momento. Pretendían instaurar una dictadura que puxese fin á grave crisis económica e ó deterioro de orden público, así como devolver ó país a rixida moral ultracatólica, que según eles, nunca deberá perder//

(Seria. Falando cara ó público) Pero coidado!...que si algo nos ensina a historia é que sempre hai alguén disposto a repetir os mesmos erros a próxima vez, aínda con máis entusiasmo.

Tamén vos digo, que a partir de agora, en min non manda ninguén, nin a dramaturga. ¡Arriba España! *(co brazo en alto)*

A quién le importa lo que yo haga? a quién le importa lo que yo diga? Yo soy así y así seguiré, nunca cambiaréeeee! // *(Saíndo de escea bailando e cantando)*

10 ADOLESCENTES.

MILA M: Todas aquí agora mesmo. Xa está ben de tanta nostalgia do fascismo. Cambio de rexistro. Salto cara adiante. Escena propia do século XXI. Estamos nun instituto, no de aquí, por exemplo. Veña, ide adentrándovos nesa atmosfera. Sodes adolescentes. A liala parda! Bros! Acción!

CHUS: Buah, tío, como vos pasades.

VIRUCA: Que dis, Bro.

MILA M: Liácheslla un feixe á profesora de historia.

DAVID: Buah, neno. Sacaches a motoserra.

(Viruca fai o xesto da motoserra.)

VIRUCA: Totalmente, é un puto anarcocomunista de merda...

MILA P: Mandalo a un campo de concentración para os putos comunistas era pouco. Que lle dean por aí.

MARIA: O temario da literatura castelá non ensina mulleres, a primeira é unha relixiosa do século XVI. Na Galega todo, todo, todo é Rosalía de Castro.

VIRUCA: Que dices, mandade a estas limpar, fregar e todo o demais.

ROCIO: No temario de historia seguimos falando da Reconquista dos aguerridos españois. O primeiro reino de Europa foi o Reino Medieval de Galiza.

GRUPO: Que?

ROCIO: Pero nos libros de historia, o Reino Medieval de Galiza non existe.

DAVID: Estes só queren subvencións. Nacionalistas do carallo.

VICKY: Montade unha asociación de hippies cultuertas e facede teatro para catro gatos cheirentos. “Metereinos a todos nun saco cortadiños en moitos pedazos botareinos polo río abaixo e non volvedes tocarme o carallo”

VIRUCA: Como me tiredes do xenia, vouvos sacar tamén a motoserra a vós e descuartizarvos

MILA M: Que pasa acó, Bros, non sodes colegas?

MILA P: Eu non son Bro nin sister destas dúas colgadas radicais.

VICKY: Eu paso olímpicamente delas. Fóra da miña vista.

CHUS: Non vos quentedes. Que queredes? Por que estades tan serias? Cal é o voso xogo?

(Mila M encargase de entregar os guantes de boxeo a cada un.)

VIRUCA: Un ring de boxeo! Xa está!!

MARIA E ROCIO: *(moi despacio facendo paradas)* Por isto, por todo isto, hai, que contar, a nosa historia.

(Música de pelexa. Coreografía a cámara lenta con luvas de boxeo.)

Canción (7) Village People - In the Navy OFFICIAL Music Video 1978 - YouTube

María e Rocio danlle a espalda ó público e colocanse as caretas de Putin e Trump, respectivamente, e a americana.

Todos fan coreografía de pelexa.

María e Rocio, danse a volta e descubren as máscaras, así como saudan o público, sorprendense ó verse, abrazanse e acaban bicándose. Finalmente marchan saudando ó público.

TERCEIRO ACTO

11. DESPEDIDA I

MILA M: Nunha humilde casa de Sarria, Galiza, en 1937. A estancia é pequena, con mobles vellos e unha lareira apagada. Na mesa hai un anaco de pan duro e unha xerra de auga. Á esquerda, unha porta aberta deixa ver un petate preparado. No centro, están **MARÍA**, unha moza de 22 anos vestida cunha chaqueta militar gastada, a súa **NAI**, duns 50 anos, co mandil posto, e dúwas **AVOAS** de pelo branco e ollos cansos.

NAI: *(Axustándolle a bufanda a MARÍA)* Mira que está frío alá arriba, miña filla. Prométeme que te abrigo ben...

MARÍA: *(Sorri con dozura)* Abrigareime, mamá. Os compañeiros fan lume polas noites. Non che hei de pasar frío.

AVOA 1: *(Suxeita as mans de MARÍA)* Pero quen nos ía dicir que ti, a nosa meniña, había de coller un fusil...

AVOA 2: *(Sacode a cabeza)* As mulleres sempre quedamos para esperar. Esta guerra levou todo, e agora tamén te leva a ti. Como é posible?

MARÍA: *(Con firmeza)* Non me leva a guerra, avoa. Vou porque quero. Porque se non loitamos, quen nos queda para defendernos? Para loitar por un mundo onde todas teñamos pan e dignidade?

NAI: *(Apertando os beizos para non chorar)* Pero ti non es un

soldado, filla. Ti naciches para outra cousa, non para morrer nunha trincheira.

MARÍA: *(Agarima a súa nai)* Nacín para vivir libre, mamá. Como todas nós. E se para iso teño que pelexar, fágoo con orgullo.

AVOA 1: *(Baixando a mirada)* Ai, meniña... Que Deus te garde.

AVOA 2: *(Collendo unha medalla do seu pescozo)* Isto era do teu avó. Lévaolo. Que che dea forza.

(MARÍA colle a medalla e bica a súa avoa na fronte. Logo, xira cara á súa nai e as avoas, contendo as bágoas. Dálle un último abrazo á súa nai e colle o petate.)

MARÍA: Non choredes. A nosa loita é xusta. E voltarei...

AVOA 1: E Rocío?

MARÍA: Ela saberá. Pero non podemos.

AVOA1: Xa.

(Saese pola porta sen volver a cabeza. A súa nai e as avoas quedan en silencio, mirando como a súa meniña marcha cara á guerra.)

12. DESPEDIDA II

ROCÍO: Así que é certo. Vas marchar.

MARÍA: Xa cho dixen. Non teño opción.

ROCÍO: Todo o mundo ten opción. Pero ti sempre escolles a que máis doe.

MARÍA: E ti sempre fas que pareza que todo é culpa miña.

ROCÍO: Non é?

MARÍA: Non, Rocío. Non o é. Non fun eu quen decidiu que este sitio me afogaba. Non fun eu quen fixo imposible quedar. Estamos no medio dunha guerra, todo se ven abaixo.

ROCÍO: Non, claro. Pero si es ti quen escolle marchar sen mirar atrás.

MARÍA: Ti cres que isto non me doe? Cres que quero deixar todo isto atrás?

ROCÍO: Se non o quixeses, non o farías.

MARÍA: Se quedase, odiaríame. E acabarías odiándome ti tamén.

ROCÍO: Xa te odio.

MARÍA: Non. Aínda non.

ROCÍO: Se marchas agora, non vas volver. Morrerás coma tantos outros.

MARÍA: Se non marcho agora, nunca serei quen son. E só hai unha vida para sabelo.

ROCÍO: E que son eu, María? Que fun para ti todo este tempo?

MARÍA: Fuches todo. E es todo. Pero ás veces nin todo é suficiente. Sabes que é imposible.

ROCÍO: Palabras bonitas para disfrazar que me estás deixando atrás.

MARÍA: Non é iso...

ROCÍO: É exactamente iso. A diferenza é que eu nunca faría isto.

MARÍA: Ti non es eu. E eu non podo ser ti.

ROCÍO: Non. Ti só podes ser a persoa que me ensinou o amor e agora me ensina o abandono, no medio do caos.

MARÍA: Rocío...

ROCÍO: Non o digas. Se vas despedirte, non o fagas con desculpas.

13. DEFENSA DE LUGO.

(Unha consulta médica en Lugo, reconvertida en centro de operacións improvisado. No exterior, a cidade vive momentos de tensión. Dentro do despacho, Rafael de Vega e o Médico dos Pobres están rodeados de papeis, mapas e cartas.)

MILA MÉDICO: Viruca, ti agora fas de Rafael de Vega, o que anunciou a República en Lugo cantando a Marsellesa.

(Viruca canta a Marsellesa.)

MILA M: Lembra que podes ser home, muller ou o que queiras. O sexo non é importante.

VIRUCA: Non entendo, pero vale. *(Viruca fai un ritual e transfórmase en escena no doutor Rafael de Vega.)*

MILA M: David, ti es veterinario, verdade? Agora farás doutro médico, total, hai pouca diferenza, o pequeniño do Incio. Alguén por aquí seguro que coñece a súa historia.

DAVID: O de pequeniño non me gusta, o meu é todo grande.

MILA M.: Sobre todo o pelo.

DAVID: Vale, concéntrome. *(Outro ritual para actuar.)*

DOUTOR RAFAEL DE VEGA *(estudando un mapa con xesto grave).* Os nacionais avanzan rápido. Xa hai informes de

movimentos hostís preto de Betanzos e de Ourense. Lugo pode quedar illado en calquera momento.

MÉDICO DOS POBRES: *(cruzando os brazos, pensativo)*

Precisamos unha resposta organizada. Os sindicatos están dispostos a loitar, pero carecen de armas suficientes. As cooperativas labregas poderían fornecer víveres, mais sen un plan claro...

DOUTOR RAFAEL DE VEGA: Temos que gañar tempo. Se controlamos as estradas, poderemos conter o avance dos sublevados. Os ferroviarios xa están con nós, poderían interromper os transportes cara ao interior.

(De súpeto, soa un golpe na porta. Entra unha señora nerviosa)

MENSAXEIRA: Os fascistas comezaron a deter xente, doutores. Onte levaron a varios mestres e sindicalistas. Algúns xa apareceron mortos no monte. Temos que actuar axiña!

MÉDICO DOS POBRES: É agora ou nunca. Se nos collen desprevidos, Lugo caerá coma unha folla seca no outono.

DOUTOR RAFAEL DE VEGA: Reunamos os dirixentes sindicais, os estudantes e os soldados fieis á República. Que alguén avise a Santiago Casares Quiroga, temos que saber se contaremos co goberno para aguantar.

MENSAXEIRA: Hai xente disposta a defender a cidade, pero queren garantías. Non queren morrer en van. A munición é escasa.

Se non atopamos un xeito de armar á xente, non resistiremos máis que uns días.

MÉDICO DOS POBRES: Hai almacéns en Monforte e na Fonsagrada que poderían ter armas. Poderíamos mandar un grupo en segredo para facerse con elas.

DOUTOR RAFAEL DE VEGA: Tamén temos que asegurar os accesos á cidade. Se conseguimos deter os trens con tropas inimigas, podemos darlles unha sorpresa.

MENSAXEIRA: O movemento estudantil non quedará de brazos cruzados, seguro.

DOUTOR RAFAEL DE VEGA: Lugo non caerá sen loita. Cada un de vós ten un papel. Organizade barricadas, repartide información, controlade os accesos e conseguide armas. A República precisa de nós.

14. MONÓLOGO VICKY

A radio... este pequeno aparello que fai que as palabras crucen montañas e ríos, que cheguen a fogares humildes e a fábricas ruidosas. Nesta guerra de sombras, onde os que levantan as armas queren silenciar a verdade, a radio convértese na nosa última trincheira.

A través dela, levamos a esperanza a quen cre que xa todo está perdido. A través dela, denunciemos os crimes dos que nos queren calar. Hoxe, nesta noite incerta, mentres Lugo resiste e o medo ameaza con apoderarse de nós, falamos a través das ondas para lembrar que a loita non rematou.

Se escoitas esta mensaxe, non perdas a fe. Somos miles, e a liberdade non se apaga cun disparo. A República non é só un goberno, é un espírito, unha idea.

Mentres haxa unha radio acesa, mentres haxa alguén disposto a escoitar, non estaremos derrotados. Porque as palabras son munición contra a tiranía, e cada emisión é un acto de resistencia.

(Lixeiro silencio. Só se escoita o ruxido baixo da radio.)

15. ANUNCIO: “CAFÉ PATRIÓTICO LA TRINCHERA”

(Todos atrás suxeitando a bandeira a cal vai ir ergendose cada vez mais segundo se vaia poñendo de picante a conversación)

DOÑA CONCHA: ¡Ai, Don Manuel! Estou que non podo máis! As noticias non deixan de ser preocupantes, a tensión na rúa cóllese coas mans... Necesito algo que me devolva a calma, a fe e o amor pola patria!

DON MANUEL: Pois está vostede de sorte, Doña Concha! Chegou o revolucionario... ¡CAFÉ PATRIÓTICO LA TRINCHERA!

(Saca un paquete de café enorme con un deseño esaxerado onde aparece un soldado tomando café con cara de felicidade mentres caen bombas de fondo.)

DOÑA CONCHA: ¡Ai, pero que embalaxe tan robusta! E dime, Don Manuel, que ten este café que o fai tan especial?

DON MANUEL: Pois claro que é especial! Mire, mire! *(Lé o paquete.)* “Tostado a lume de metralla, con aroma de combate e sabor a vitoria!”

DOÑA CONCHA: ¿A vitoria?

DON MANUEL: Si, señora! Asegúrolle que cun só grolo deste café, abriránselle as pernas case ó momento... ai perdón, en que

estarei eu pensando, quixen dicir as portas, que se abrirán as portas da gloria ó momento e xa non poderá pasar sen el.

DOÑA CONCHA: Que marabilla! E tamén me axudará a soportar os discursos sobre a situación política?

DON MANUEL: Sen dúbida! Con cada cunca terá menos depresión, menos desesperación, menos desilusión e todo o que acabe en “on”, empezará a brincar de alegría e entraránlle unhas ganas de... de... tomar máis e non parará de dicir “quero máis, máis e máis”

DOÑA CONCHA: ¡Pois póñame catro paquetes, non vaia ser que a guerra se alongue!

DON MANUEL: E para vostede, un de regalo! Pero atención! Se compra dous paquetes máis, leva de agasallo unha culler con forma de baioneta, para remover o café con auténtico fervor patriótico!

DOÑA CONCHA: Isto é o que necesitaba! Agora si que podo afrontar a guerra cun sorriso!

Cae a bandeira de golpe ó chan. Todos baixan a cabeza, moi serios e coa man no peito.

Rocío estoupa o confeti.

María simula que toca a trompeta mentras soa a música 30 seg.

(Os dous quedan conxelados en pose publicitaria, cunha gran pancarta que cae detrás deles: “CAFÉ PATRIÓTICO LA TRINCHERA – Porque a resistencia tamén se serve en cunca!”)

16. O VELLO CÁRCERE.

PEQUENIÑO: (*ollando arredor, esgotado*) Outra vez... Outra vez aquí... (*mira para Rafael*) Boas noites, señor doutor. Vostede tamén, eh?

RAFAEL: (*erguendo a cabeza, amable*) Boas noites. Aquí estamos, facendo compañía aos muros.

PEQUENIÑO: O frío este xa entra nos ósos. No Incio polo menos as paredes non eran tan frías... Como estará a miña casa de Xullán, aquí todo soa a ferro e medo. Todo Lugo é medo.

RAFAEL: (*nodriza de tristura*) Toda España é medo, non temos escapatoria. A esperanza está no futuro, nas vindeiras xeracións. Aquí é todo neve. O medo... xa o coñezo ben. Pero tamén coñezo que se pode vivir con el... mentres non te venza, mentres quede vida.

PEQUENIÑO: Ti eras o médico dos pobres, non si? Miña tía falaba de vostede coma quen fala dun santo.

RAFAEL: Non son santo ningún. Só fixen o que un home debe facer: coidar. Sanar cando se pode. Non mirar o peto, senón os ollos. Ti tamén sabes moito diso, facías o mesmo no Incio.

PEQUENIÑO: (*cun sorriso pequeno*) E por iso estamos aquí.

RAFAEL: *(severo pero calmo)* Por iso... e por pensar. Pensar nun país onde o pan non dependa dun señor con traxe e medo a que a xente lea. Está demostrado que as voces baixas, que por moito médico que sexamos, non somos máis que voces baixas, non podemos facer nada máis que loitar.

PEQUENIÑO: O bo de todo isto é que loitamos moito, moitísimo. Algún día reconecerán todo o que fixemos. A nosa loita non remata. O pobo non se pode apagar.

RAFAEL: Teño medo á morte.

PEQUENIÑO: Di que mañá sacan xente pola mañá cedo. Din que... din que os levan ao muro... Eu tamén teño medo. *(baixa a voz, mirando a Rafael)*

RAFAEL: *(si, con serenidade)* Eu son un dos nomes na lista. Xa mo dixeron hoxe. Mataranme no cemiterio de Lugo mentres a orquestra municipal tocará pasodobles.

(Empeza a soar de fondo Suspiros de España. Vemos opción de montar coreografía con isto.)

PEQUENIÑO: *(Mira para o chan, sen saber que dicir. De súpeto, ergue a cabeza.)* Doutor... pode dicirme unha cousa boa antes de que durmamos?

RAFAEL: Daremos exemplo ás xeracións futuras.

PEQUENIÑO: Grazas por todo o exemplo que me deches. Por todo o aprendido e por non facerme sentir só.

RAFAEL: Grazas a ti. Mila! Hostia! Mete un bico, rollo gai polo medio. Non podemos rematar esta escena así.

MILA MÉDICO: Que pasa! Estaba no backstage tomando cenorias, que son moi boas para a vista.

RAFAEL: Esta escena non pode rematar así, ten que haber algo diferente.

MILA MÉDICO: Que máis queres, a vida é así. O teatro intenta representar a vida, non sempre hai fogos artificiais. A guerra é unha merda, non ten escapatoria. E non te queixes, menuda orquestra hai aquí montada. Queres un chiste?

Chiste de Mila Médico.

Pero sabes que? En moitos países do mundo, actualmente, a vida é unha merda. A vida é como a que viven estes dous personaxes. Pero queres festa? Toma festa!

Al Uruguay yo no voy. Estribillo coreografía. Mila Profe prepárase para escena Franco.

17. BARRICADAS

(No medio das barricadas na fronte de Madrid, 1937. As ruínas dunha rúa esnaquizada rodean a escena. O fume das explosións cobre o aire mentres as balas silban ao redor. Sete mulleres, armadas con fusís e vestidas con roupas gastadas pero firmes, defenden a súa posición tras un parapeto de sacos de area. Están sucias, cansadas, mais os seus ollos refulxen con determinación.)

(O estrondo dunha nova explosión fai tremer a terra. Unha choiva de cascallos cae sobre as combatentes, que se afunden máis tras a barricada. O fume espállase polo chan mentres se escoitan berros e ordes contraditorias ao lonxe.)

LUCÍA: *(Recarga o fusil con mans tremendo)* Non podemos ceder! Se rompen a liña, chegarán ata a praza maior!

DOLORES: *(Apretando os dentes mentres dispara)* Malditos fascistas! Aquí non pasarán!

ISABEL: *(Cubriñoas cunha metralladora)* Mantédevos baixas! Están a avanzar pola esquerda!

TERESA: *(Respira con forza, asomándose para avaliar a situación)* Non teñen máis munición ca nós, pero son moitos. Temos que resistir ata que chegue reforzo!

(O chan treme cunha nova explosión. LUCÍA lánzase cara a

DOLORES, empuxándoa ao chan antes de que unha bala pase rozándoa. A pólvora e o medo mestúranse no aire, pero ningunha delas retrocede. Seguen loitando, unidas, ata o último alento.)

ROSA: *(Axudando a MARINA, ferida nun costado)* Aguanta, irmá. Xa vén un sanitario!

MARINA: *(Suxeita a man de ROSA con forza)* Non me deixes. Se caemos, que sexa loitando...

CARMEN: *(Desde unha esquina, lanzando unha granada)* Isto é por todas as nosas compañeiras!

(Os disparos increméntanse. A metralla esnaquiza unha das caixas de munición ao seu carón, facendo saltar astillas. Teresa xira cara a Isabel.)

TERESA: Temos que movernos! Se ficamos aquí, van acabar con nós!

ISABEL: *(Cambiano de cargador)* A onde? Todo está ardendo!

LUCÍA: *(Erguéndose con valentía)* Cara adiante! Cara ás nosas! Non imos morrer acurralladas!

(A voz de Lucía ergue as forzas das mulleres. Dolores dá un berro de guerra mentres segue disparando. O lume ilumina os seus rostros, sudados e endurecidos pola batalla. Rosa logra deter o sangue de Marina, que sorri débilmente.)

MARINA: Se saímos disto, celebráremolo por todo o alto.

ROSA: (*Apretando os dentes*) Iso está feito, pero non te atrevas a afrouxar agora.

(Unha nova ráfaga impacta preto delas. Un asubío resoa no aire. A granada de Carmen estala no punto xusto, abrindo un espazo no avance inimigo.)

CARMEN: Agora! Avanzade!

(Sons de ráfagas de disparo. Todas caen no chan)

18. MONÓLOGO FRANCO II

En el día de hoy, cautivo y desarmado el Ejército Rojo, han alcanzado las tropas nacionales sus últimos objetivos militares. La guerra ha terminado.

El Generalísimo Franco

Burgos, 1º Abril 1939

Pasean a María polo escenario.

19. VERMELLAS

ROCÍO: Onde estou? Non é a casa. Non é o campo... María?
María?

(Silencio. Do fondo, CHUS está xa sentada, en penumbra. A súa voz sae primeiro antes de que se lle vexa o rostro.)

CHUS: Aínda a buscas?

ROCÍO: *(Sobresaltada)* Quen... quen fala?

CHUS: Ti mesma. Ou o que queda de ti logo da espera. Aínda que pareza raro estamos fóra do tempo. Non existe o pasado nin o futuro. Ti e máis eu neste presente de caixa de bonecas que é o Teatro.

ROCÍO: Teatro? Ti estasme representando?

CHUS: Somos a mesma persoa.

ROCÍO: somos a mesma persoa no Teatro.

CHUS: E na vida. Porque a vida é puro Teatro. *(Canta: teatro, lo tuyo es puro teatro)* Eu son coma ti, a que medrou sen ela. A que esperaba bailar con ela. A que deixou de peitear o cabelo porque a súa man xa non o recollía.

ROCÍO: (*Sen crer*) Non, non, non pode ser, dime que non... Ela prometeu volver. Dixo que serían só uns días. A Guerra ía acabar rápido. Eu non quero esta vida.

CHUS: (*Pausa*) Vivimos a mesma traxedia.

ROCÍO: (*cae de xeonllos. Silencio.*) Entón... acabou?

CHUS: Non. Comeza o longo amor. O que se vive na ausencia. O que dura o resto dos días.

ROCÍO: Non deixei que se despedise. Nunca a esqueciches?

CHUS: Houbo anos en que esquecín o son da súa voz. Outros en que non podía lembrar a cor exacta dos seus ollos. Pero sempre me lembraba de como me fixo sentir. Libre. Por primeira vez. E última.

ROCÍO: Se puidese voltar atrás... Se puidese ir con ela... A vida é unha merda. Estas tres paredes son unha merda. Por que nos toca representar esta triste historia? Eu quero comedia, contar chistes, bailar, foder enriba do Teatro. Por que nos toca todo isto?

CHUS: Por que nos toca todo isto? Todos os días acontecen estas traxedias. Os espectadores veñen ao Teatro a ver as súas miserias. A Guerra é un pozo de miserias. Pero tamén de alegría. Saltando no tempo, Rocío, lembra que as mellores festas dos anos 90 aconteceron en Saraxevo e Belgrado, en plena Guerra dos Balcáns. Estes días Ucraína é unha auténtica rave, onde a cada momento pos o pé no chan e o teu corazón estoura de alegría.

ROCÍO: Ou de morte. Todo nun segundo. Como nunha enfermidade calquera. Hoxe festa e mañá, merda. (*Berrando*)
VERMELLO!!!!!!!!!!

CHUS: Que?

ROCÍO: VERMELLO!!!! Que se entere todo o mundo. Somos vermellas. (*Pon o nariz de clown.*) Somos vermellas.

CHUS: Como o sangue.

ROCÍO: Como a vida!

(*Marcha rebrincado como unha cabritiña polo monte de Valiñas.*
Chus séguea.)

20. MONÓLOGO CHUS

(Rocío e Chus diante do escenario. Pequena coreografía. Aperta. María comeza a bailar no público, levantándose da súa propia morte. Os dous primeiros parágrafos vannos pronunciar xuntas ata que Rocío marcha bailar con María, entre o público. Volve soar a música do clarinete).

Levo toda unha vida agardando. Unha vida enteira co teu nome escondido baixo a lingua, como quen leva unha xoia que non se pode ensinar.

Dicían que era unha guerra, pero a guerra foi só o comezo. Despois veu o silencio, a vergoña, a mentira... e o esquecemento. E ti, amor meu... ti ficaches baixo terra sen nome, sen flores, sen ninguén que puidera dicir: aquí está, aquí repousa quen amei con toda a alma.

Eras luz nos días de escuridade. O teu sorriso, o teu xeito de rir mesmo co medo na gorxa... eras vida cando todo cheiraba a morte. E agora pídenme que esqueza, que deixe que os anos pasen coma se ti non tiveras existido nunca.

Pero eu non podoo. Non quero. Porque non se trata só de ósos, non... Trátase de devolverche o lugar que che roubaron. Trátase de dicir o teu nome en voz alta sen que me treman as mans.

Eu só quero levarte á casa, amor. Onde as nosas fillas imaxinadas poidan saber quen fuches. Quero despedirme como nunca puiden.

Quero pechar esa porta sen culpa, sen medo, sen esquecer.

E se alguén pregunta por que remexo na terra, por que busco entre a poeira dos anos, direille: porque o amor tamén merece xustiza. Porque ninguén debería morrer dúas veces: unha co corpo, e outra co silencio.

Volve comigo, meu ben. Déixame levarte á casa.

APLAUSOS.

CAE O TELÓN.

FIN

